



Resolución do 1 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula, para o curso 2017/18, o Concurso ComunicaTedu para centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obligatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21 de xullo). No seu artigo 2 ofréntase a materia de Oratoria para a súa impartición en 1º ou 2º da ESO cunha carga horaria de unha hora semanal.

A iniciativa do Concurso ComunicaTedu procura dar resposta á necesidade sentida de afondar na competencia en comunicación lingüística do alumnado por parte dun conxunto numeroso de centros galegos, que manifestaron este interese a través da oferta da materia de Oratoria.

Mediante esta iniciativa trátase de afondar na busca de recursos formativos e de actividades que poidan favorecer o traballo por proxectos no contexto desta materia, de recente implantación, co fin de que o profesorado e o alumnado galego dispoñan de recursos axeitados que favorezan o traballo de aula. Estes recursos deben procurar o tratamento das competencias comunicativas desde unha abordaxe que integre as metodoloxías activas e o traballo por proxectos, de tal xeito que se oriente a consecución do logro desta competencia en contextos comunicativos reais.

En definitiva, este concurso é unha actividade que fornece apoio á materia de Oratoria e ofrece aos centros a oportunidade de desenvolver as competencias orais activas a través do discurso oral planificado e chegar a elas desde metodoloxías innovadoras e desde unha perspectiva ética e crítica a través de temáticas que poidan espertar o seu interese.

Artigo 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto regular o Concurso ComunicaTedu e establecer as condicións para desenvolvelo nos centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2017/18.

Poderán participar nesta convocatoria os centros que desexen afondar na adquisición da competencia en comunicación lingüística do seu alumnado.



Artigo 2. Destinatarios

Os centros destinatarios do concurso deben ser centros públicos que impartan ensinanzas de educación secundaria obligatoria.

Poderá participar o profesorado de secundaria que imparta docencia en 1º, 2º, 3º ou 4º da ESO durante este curso escolar.

En canto ao alumnado, poderán participar alumnos e alumnas que cursen 1º, 2º, 3º ou 4º da ESO.

Artigo 3. Obxectivos do concurso

A actividade consistirá nun concurso no que se poñerán a proba as competencias orais no discurso público planificado co fin de que o alumnado poida desenvolver as súas competencias lingüísticas activas. Como obxectivos da actividade indícanse os seguintes:

- favorecer a adquisición das competencias clave para garantir o pleno desenvolvemento persoal, social e profesional, nomeadamente das seguintes: comunicación lingüística, competencia dixital, aprender a aprender e sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
- fomentar as destrezas orais e o uso do rexistro formal, facendo fincapé nas habilidades e nos recursos necesarios para a expresión no discurso público.
- afondar na expresión do razonamento ético e crítico na defensa das propias ideas e na construcción da mensaxe.
- desenvolver destrezas para a realización de actividades de investigación e de xestión da información.
- fomentar o traballo cooperativo e a empatía polas ideas doutros na elaboración do discurso argumentativo e nos procesos de traballo en grupo.
- favorecer o traballo interdisciplinario na construcción textual e técnica do discurso.
- fomentar a abordaxe de metodoloxía activas na adquisición do coñecemento.

Artigo 4. Constitución dos equipos

Poderanse presentar ao concurso ata 4 equipos por centro. Cada equipo estará constituído por unha docente e ata 3 alumnos/as, que poderán ser de distintos niveis educativos. Unha mesma/a docente poderá guiar máis dun equipo.

Os equipos participantes procurarán ser paritarios en canto ao xénero.



Artigo 5. Criterios de selección dos centros e dos equipos

Entre todas as solicitudes que se presenten, seleccionaranse os centros e o número de equipos cos que poderá participar cada centro. En total, seleccionaranse 30 equipos.

Para realizar este proceso de selección teranse en conta os seguintes criterios, por esta orde:

1. Priorizarase que o centro imparta a materia de libre configuración Oratoria ou doutras materias de libre configuración de libre elección de centro relacionadas coa competencia en comunicación lingüística. (ata 3 puntos)
2. Valorarase a formación recibida no ámbito da oratoria por docentes do centro. (ata 2 puntos)
3. Valorarase a proposta de traballo presentada polo centro no Anexo. (ata 3 puntos)
4. Terase en conta a participación acreditada do centro en actividades de desenvolvemento das competencias en comunicación lingüística (Club de Debate, Parlamento Xove, Parlamento Europeo, Tíralle da Lingua...). (ata 1 punto)
5. Teranse en conta outras accións ou apostas educativas especificamente relacionadas coa competencia en comunicación lingüística a través da participación en programas de innovación educativa da Consellería. (ata 1 punto)

En último termo, e no caso de recibir propostas de valoración final semellante, gardarase o equilibrio territorial, garantirase a representación do rural e favorecerase a presenza dun maior número de centros, de tal xeito que se lle dará prioridade a este último criterio por enriba da sobrerepresentación dun mesmo centro con varios equipos co fin de favorecer que a actividade chegue ao maior número de alumnos/as posible.

Artigo 6. Regulamento do concurso e tema das presentacións

O concurso rexerxe polas indicacións recollidas no seu regulamento (véxase Anexo II).

O tema das presentacións nesta edición do concurso é “A alimentación como hábito de vida saudable”.

Artigo 7. Desenvolvemento da actividade

Unha vez seleccionados os 30 equipos participantes, iniciarase a actividade do concurso segundo as seguintes fases:



FASE 1. Fase de preparación

Os docentes dos 30 equipos seleccionados recibirán o asesoramento necesario para coñecer polo miúdo o regulamento do concurso, as normas de elaboración das presentacións, as instrucións de participación e a metodoloxía que deberán traballar na aula: definición do tema, intención comunicativa, calidade da lingua, discurso argumentativo, soporte audiovisual, traballo de equipo, traballo interdisciplinario, elementos de valoración do xurado, funcionamento da fase de valoración...

FASE 2. Fase de traballo de aula

Na fase de traballo no centro o/a docente participará de xeito activo como guía do proceso de aprendizaxe dos coñecementos necesarios para que cada alumno/a elabore a súa intervención. Esta fase durará un mes, que é o tempo do que os equipos dispoñerán para planificar as súas intervencións. É recomendable que o traballo de aula se desenvolva cun grupo amplo de alumnado para favorecer o traballo cooperativo; só ao final desta fase o centro comunicará á organización o nome do alumnado que constituirá os equipos que realizarán a gravación.

O producto final desta fase é a elaboración dos vídeos dos equipos, que serán enviados segundo as instrucións indicadas no regulamento. Nesta fase cada equipo (constituído por ata 3 alumnos/as) deberá facer unha intervención conxunta, con ou sen apoio audiovisual.

FASE 3. Fase de concurso

O xurado xuntarase para visualizar os vídeos enviados polos equipos. Todas as gravacións recibidas serán avaliadas individualmente por parte dun único xurado, que seleccionará para premio as 8 presentacións mellor valoradas en función de criterios indicados no regulamento. Se o xurado o considera oportuno, e ante a calidade das presentacións recibidas, poderase ampliar o número de presentacións merecedoras do premio.

Artigo 8. Membros do xurado

O xurado que valorará a participación na Fase 3 constará dos seguintes membros:

- dúas persoas asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- unha persoa especialista da materia ou do ámbito de que trate o tema do concurso.
- dous docentes funcionarios do corpo de secundaria que estean en servizo activo.

O xurado elevará o seu fallo á Comisión de selección.



Artigo 9. Premios e dotación orzamentaria

Os membros do xurado seleccionarán as 8 mellores gravacións, que serán recoñecidas cun diploma que acredite esta distinción. Ademais, estes 8 equipos expoñerán as súas presentacións nun evento para a súa gravación definitiva e difusión a través do portal educativo.

Para o desprazamento dos equipos seleccionados entre as 8 mellores gravacións, a Consellería achegará ata un máximo de 500 €/centro con cargo á aplicación 10.50.423A.229 dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2018 en calidade de compensación económica.

Os equipos mellor valorados dentro destes 8 seleccionados serán recoñecidos coa seguinte dotación económica para o seu centro:

categoría	premio	importe
única	1º	1.500 €
única	2º	1.000 €
única	3º	600 €

Está actividade financiarase ata un máximo de 7.100 € con cargo á aplicación 10.50.423A.229 dos orzamentos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2018.

Artigo 10. Certificación de participación do profesorado

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado que forme parte dos equipos (e non resulte premiado) como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 20 h en formación permanente do profesorado.

A Consellería certificará tamén, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado que forme parte dos equipos premiados como 1º de premio de innovación educativa cunha equivalencia de 20 h en formación permanente do profesorado.

Artigo 11. Proceso e prazo de solicitude

1. A presentación das solicitudes realizarase a través da solicitude de participación (Anexo I) que figura ao final desta convocatoria. A solicitude de participación, ademais de incluír os datos de participación do centro, deberá recoller unha **proposta de traballo** concreta na que figure como mínimo a seguinte información:



- docentes participantes (nome, NIF, correo electrónico).
- departamentos didácticos que participan na actividade.
- cursos e número de alumnos e alumnas cos que se vai traballar.
- indicación da organización do horario lectivo para o desenvolvemento da actividade, con indicación da dedicación horaria.
- a metodoloxía empregada co alumnado.
- as estratexias de avaliación do proceso de aprendizaxe.

2. A solicitude enviarase ao seguinte enderezo electrónico: comunicatedu@edu.xunta.es

3. O prazo de envío das solicitudes será de 15 días hábiles a partir do día de publicación deste concurso no portal educativo.

Artigo 12. Comisión de selección

1. Unha vez pechado o prazo de solicitude de participación, a comisión de selección avaliará as solicitudes que presenten os centros participantes, segundo os criterios que figuran no artigo 5.

2. A comisión de selección estará integrada polos seguintes membros:

- a) A persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado, que actuará como presidente/a.
- b) A persoa titular da Xefatura do Formación do Profesorado.
- c) Tres persoas asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, unha das cales realizará as funcións de secretaría.

Artigo 13. Resolución

A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros e dos equipos admitidos para participar por cada centro. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Os centros solicitantes dispoñen dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na mencionada web, para realizar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e a seguir elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.

En canto á concesión dos premios, a comisión de selección, logo de escoitar o fallo do xurado, realizará unha proposta de resolución, que elevará ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, quen ditará resolución.



A resolución de concesión de premios, na que se indicarán os equipos e os centros gañadores e o importe do premio asignado a cada un deles, publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>).

Artigo 14. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado *Alumnado* co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.


Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxoifp@xunta.gal

Coa participación no concurso, o alumnado participante consente a publicación dos vídeos e a publicación da súa imaxe persoal no portal educativo.

Artigo 15. Dereitos de explotación

Sen prexuízo dos dereitos morais de autor sobre as creacións expostas, que permanecen nos seus creadores, os dereitos de explotación derivados da autoría pertencerán á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que as utilizará baixo licenza “Creative Commons” que combine as propiedades “recoñecemento” e “compartir igual”.

Con tal fin, os representantes legais do alumnado participante deberán asinar a autorización de cesión dos dereitos de explotación antes da participación do alumnado no concurso.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
CONCURSO COMUNICATEDU	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE				
CENTRO EDUCATIVO	CÓDIGO DO CENTRO	NIF		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚM.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)			
NOMBRE	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE			

NÚMERO DE EQUIPOS COS QUE SOLICITA PARTICIPAR: 1 2 3 4

INFORMACIÓN QUE SE ACREDITA			
O noso centro impartiu a materia de libre configuración Oratoria no curso 2015/16 <input type="checkbox"/> , 2016/17 <input type="checkbox"/> ou 2017/18 <input type="checkbox"/> .			
<input type="checkbox"/>	O noso centro ten intención de ofertar a materia de libre configuración Oratoria no próximo curso escolar.		
<input type="checkbox"/>	O noso centro imparte a materia de libre configuración de centro para traballar a oralidade.		
<input type="checkbox"/>	O profesorado participante conta con formación en oratoria.		
O noso centro participa nunha actividade relacionada coas competencias comunicativas:			
<input type="checkbox"/>	Club de Debate	<input type="checkbox"/>	Parlamento Europeo
<input type="checkbox"/>	Parlamento Xove	<input type="checkbox"/>	Tíralle da lingua
O noso centro participa noutras actividade relacionada coas competencias comunicativas (indíquense cales son):			

PROPOSTA DE TRABALLO			
Indicarase brevemente os datos dos docentes participantes, os departamentos didácticos van participar, os cursos e o número do alumnado participante, o nº de alumnas e de alumnos participantes, a dedicación horaria á actividade, a metodoloxía empregada, as estratexias de avaliación do proceso de aprendizaxe e calquera outro aspecto que se considere de interese para coñecer a proposta.			

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilita neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxoifp@xunta.es.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE			
Lugar e data			
,	de	de	2018

galicia

ANEXO II

Regulamento ComunicaTedu. Curso 2017-18

1. Introdución

A iniciativa do Concurso ComunicaTedu procura dar resposta á necesidade sentida de afondar na competencia en comunicación lingüística do alumnado por parte dun conxunto numeroso de centros galegos, que manifestaron este interese a través da oferta da materia de Oratoria.

Mediante esta iniciativa trátase de afondar na busca de recursos formativos e de actividades que poidan favorecer o traballo por proxectos no contexto desta materia, de recente implantación, co fin de que o profesorado e o alumnado galego dispoñan de recursos axeitados que favorezan o traballo de aula. Estes recursos deben procurar o tratamento das competencias comunicativas desde unha abordaxe que integre as metodoloxías activas e o traballo por proxectos, de tal xeito que se oriente a consecución do logro desta competencia en contextos comunicativos reais.

En definitiva, este concurso é unha actividade que fornece apoio á materia de Oratoria e ofrece aos centros a oportunidade de desenvolver as competencias orais activas a través do discurso oral planificado e chegar a elles desde metodoloxías innovadores e desde unha perspectiva ética e crítica a través de temáticas que poidan espertar o seu interese.

2. Obxecto do regulamento

Este regulamento completa a información contida na Resolución do XX de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula, para o curso 2017/18, o Concurso ComunicaTedu para centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería.

O regulamento do Concurso ComunicaTedu revisarase cada curso escolar co fin de incorporar as suxestións, as melloras e os cambios que se produzcan durante o seu desenvolvemento.

3. Destinatarios

3.1. Centros

Poden participar no concurso todos os centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería (isto é, centros públicos e concertados).

A Dirección de cada centro será quen faga a solicitude formal de participación.

3.2. Docentes

Poden participar nesta convocatoria docentes do corpo de persoal de secundaria que estean a impartir docencia en 1º, 2º, 3º ou 4º da ESO durante este curso escolar.

3.3. Alumnado

Poden participar alumnos e alumnas que cursen 1º, 2º, 3º ou 4º da ESO. O alumnado poderá traballar en equipo con independencia do curso en que estea matriculado.

4. Os equipos

4.1. Cada centro poderá solicitar a participación de 4 equipos como máximo.

4.2. Cada equipo estará constituído por 1 docente e ata 3 alumnos. O número máximo de persoas constitutíntes dos equipos será de 4.

4.3. Os membros de cada equipo poden pertencer a niveis educativos diferentes.

4.4. Todos os equipos tenderán á paridade de xénero. Excluiranse os equipos que non a garden.

5. Organización do traballo no centro

5.1. Favorecerase o aproveitamento da organización curricular do centro para o desenvolvemento da actividade. Así pois, aproveitarase calquera materia que poña o foco na expresión oral, ben sexa troncal, específica, de libre configuración autonómica ou de libre configuración de centro.

5.2. Favorecerase a disposición de espazos temporais e físicos para a realización da actividade.

6. Metodoloxía de traballo

- 6.1. O centro favorecerá que a actividade se desenvolva co maior número de alumnado posible, independentemente do número de integrantes dos equipos finalmente constituídos.
- 6.2. Os centros favorecerán que os equipos traballen poñendo en práctica metodoloxías activas para favorecer a construcción da aprendizaxe.
- 6.3. Os centros favorecerán o traballo cooperativo entre o alumnado para favorecer o intercambio de ideas desde o respecto e a tolerancia.

7. Temática do concurso

No curso 2017/18 o tema das intervencións será a “A alimentación como hábito de vida saudable”. Arredor deste tema poderanse abordar aqueles aspectos que susciten a atención do alumnado e que acheguen mensaxes de interese xeral: que asuntos relacionados coa alimentación lle interesan á ciudadanía?, cales son problemas que máis alarma causan a nivel sanitario?, que estratexias se empregan para mellorar hábitos de consumo?, etc.

8. Admisión de centros

- 8.1. A comisión de selección admitirá todos os centros que presenten solicitudes en regra.
- 8.2. Entre os centros solicitantes, seleccionará 30 equipos para participar no concurso.

9. Renuncias

- 9.1. Os centros que sexan seleccionados para participar no concurso poderán solicitar a súa renuncia (véx. 14.5).
- 9.2. Esta circunstancia deberá ser comunicada pola Dirección do centro a través dun correo electrónico da Dirección do centro á conta comunicatedu@edu.xunta.es.
- 9.3. As renuncias darán oportunidade de participación aos centros que estean na lista de agarda.

10. Procedemento para a realización da actividade

- 10.1. Fase 1 (de preparación): como figura na resolución, os docentes dos 30 equipos seleccionados recibirán o asesoramento necesario para coñecer polo miúdo a aplicación do regulamento do concurso, as normas de elaboración das presentacións, as instrucións de participación e a metodoloxía que deberán traballar na aula: definición do tema, intención comunicativa, calidade da lingua, discurso argumentativo, soporte audiovisual, traballo de equipo, traballo interdisciplinario, elementos de valoración do xurado, funcionamiento da fase de valoración...
- 10.2. Fase 2 (de traballo na aula): na fase de traballo no centro o/a docente participará de xeito activo como guía do proceso de aprendizaxe dos coñecementos necesarios para que cada alumno/a elabore a súa intervención. Esta fase durará un mes, que é o tempo do que os equipos dispoñerán para planificar as súas intervencións. É recomendable que o traballo de aula se desenvolva cun grupo amplo de alumnado para favorecer o traballo cooperativo; só ao final desta fase o centro lle comunicará á organización o nome do alumnado que constituirá os equipos que realizarán a gravación.
O produto final desta fase é a elaboración dos vídeos dos equipos, que serán enviados segundo as instrucións indicadas no regulamento. Nesta fase o alumnado de cada equipo deberá fazer unha intervención conxunta, con ou sen apoio audiovisual de apoio á súa intervención oral.
- 10.3. Fase 3 (de concurso): o xurado xuntarase para visualizar os vídeos enviados polos equipos. Todas as gravacións recibidas serán avaliadas individualmente por parte dun único xurado, que seleccionará para premio as 8 presentacións mellor valoradas en función de criterios indicados no regulamento. Se o xurado o considera oportuno, e ante a calidade das presentacións recibidas, poderase ampliar o número de presentacións merecedoras do premio.

11. O discurso

- 11.1. O obxectivo do concurso é servir de recurso educativo para implementar as accións dos centros en que se ensina a oratoria. Así pois, na valoración do xurado primará en todo momento a elaboración discursiva que realicen os equipos.
- 11.2. O alumnado deberá elaborar un discurso argumentativo (texto expositivo-argumentativo) arredor do subtema que elixa axustado aos parámetros da oratoria.
- 11.3. Os discursos elaborados axustaranse ao requerido para o ámbito da oratoria. Para a súa correcta elaboración os equipos poderán empregar como apoio unha rúbrica que se poñerá ao seu disprix.
- 11.4. Non se valorarán os vídeos que adopten outras fórmulas discursivas diferentes da esixida (ex. discursos narrativos).

12. A gravación

- 12.1. Os centros realizarán as gravacións dos equipos para o seu envío ao concurso cos medios de que disponan.
- 12.2. A gravación poderá incluír ata 3 intervencións diferentes, que deberán gardar coherencia do discurso e unidade de sentido no que se quere transmitir.
- 12.3. A duración da gravación non durará menos de 5 min nin máis de 7 (sen os créditos).
- 12.4. As gravacións enviaranse en formato MP4 polo procedemento que indique a organización do concurso.
- 12.5. Fomentarase o uso de software libre no uso das novas tecnoloxías.
- 12.6. As gravacións poderán ir acompañadas dunha memoria na que se dea conta do proceso de aprendizaxe do alumnado.

13. Premios

- 13.1. Entre os 30 equipos seleccionados para participar no concurso, seleccionaranse as 8 mellores gravacións, que serán recoñecidas cun diploma que acredeite esta distinción.
- 13.2. Estes 8 equipos expoñerán as súas presentacións nun evento para a súa gravación definitiva e difusión a través do portal educativo. O desprazamento dos equipos seleccionados correrá por conta da Consellería, que achegará ata un máximo de 500 €/centro para sufragar os gastos de funcionamento derivados da asistencia ao evento.
- 13.3. Durante este evento, valorarase a representación dos 8 equipos e, deseguido, elixiranse as tres mellores participacións para premio:
1º premio: 1.500 €
2º premio: 1.000 €
3º premio: 600 €
- 13.4. A dotación económica outorgada en cada premio irá destinada ao centro educativo.

14. Xurado

- 14.1. A avaliación do xurado realizarase baseándose nunha rúbrica que concretará as competencias que o concurso pretende estimular.
- 14.2. Os docentes que formen parte dos equipos seleccionados poderán emitir un informe sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado onde se avalíe a calidade do proceso educativo que será tido en conta polos membros do xurado.
- 14.3. O xurado avaliará os traballos elaborados polos equipos a través dunha rúbrica que se poñerá ao dispor do alumnado e do profesorado participante no concurso.

15. Secuencia da actividade:

- 15.1. Publicación da resolución.
- 15.2. Apertura do prazo de solicitude.
- 15.3. Peche do prazo de solicitude.
- 15.4. Publicación da resolución provisional.
- 15.5. Prazo para emitir reclamacións ou renuncias: 5 días hábiles tras a publicación da resolución provisional.
- 15.6. Esgotado o prazo de reclamacións e renuncias, publicación da resolución definitiva.
- 15.7. Indicación do prazo de entrega das gravacións dos equipos.
- 15.8. Entrega das gravacións.
- 15.9. Deliberación do xurado.
- 15.10. Gravación definitiva das presentacións do alumnado.
- 15.11. Entrega de premios.